



Expediente número: PLN/2020/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE REDONDELA DO DÍA 26/11/2020

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión Ordinaria 12/2020 do 05/11/2020
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión Extraordinaria Urxente 13/2020 do 12/11/2020
3. Declaración Institucional polo 25 de Novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller.
4. Declaración Institucional ante a Fin do Cesamento do Fogo no Sahara Occidental.
5. Proposta de Nova Aprobación Provisional da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento, no Ámbito de Leitón-Cidadelle, na Parroquia de Chapela.
6. Derrogación Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Instalación e Utilización na Vía Pública de Mesas, Cadeiras, Parasois e Instalacións Complementarias que Constitúan Actividade de Hostalaría con Finalidade Lucrativa do Concello de Redondela.
7. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos VI/2020
8. Aumento Gratificacións VII/2020
9. Revisión de Oficio de Liquidacións Tributarias do Imposto do Incremento do Valor dos Inmobles de Natureza Urbana.
10. Acordar a Extinción do Contrato do Servizo de Limpeza en Edifícios, Dependencias e Espazos Municipais do Concello de Redondela, pola finalización do prazo contractual.
11. Proposta de Modificación da Composición do Consello Parroquial de Quintela.
12. Proposta de Modificación da Composición do Consello Parroquial de Cabeiro.
13. Proposta de Modificación da Composición do Consello Parroquial de San Esteban de Negros.
14. Proposta de Modificación da Composición do Consello Parroquial de Reboreda.
15. Proposta de Modificación da Composición do Consello Parroquial de O Viso.
16. Proposta de Modificación da Composición do Consello Parroquial de San Vicente de Trasmañó.

PARTE DE CONTROL

- 17 Dar Conta da Información do 3º Trimestre do ano 2020.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9AGC92TMR4Y5AN7W7ZD | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 25



CONCELLO DE REDONDELA

18 Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito MC 28/2020.GC11/2020 e MC 30/2020.TC12/20

19 Actividades de Control do Pleno.

19.1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía

19.2 Mocións.

19.3 Rogos e preguntas.

De conformidade co Decreto de Alcaldía número 2020-2825 de data 23/11/2020, onde se convoca sesión ordinaria, reúnense mediante participación a distancia a través da sede electrónica da entidade, e sendo ás oito horas e seis minutos do 26/11/2020, baixo a presidencia da alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e a asistencia dos/das seguintes concelleiros e concelleiras:

Polo Grupo municipal Popular Pedondela (PP): María Carmen Bastos Rodríguez, María Carmen Amoedo Dasilva, Noemí Salomón Saavedra, Iván Crespo Rodríguez, María José Barciela Barros, Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, Erminda Quelle Fernández e David Muiños Portela.

Polo Grupo municipal Socialista Redondela (PSDEG-PSOE): María Castro Abad, Ignacio Eduardo González Lago, Marta Alonso Domínguez, Vicente Lamas Guisande, Olga María García Ballesteros e Alberto Álvarez Pérez

Polo Grupo municipal Agrupación de Electores de Redondela 2019 (AER): Susana Couñago Andrés, Roberto Villar Rodríguez e Daniel Boullosa Martínez

Polo Grupo municipal Bloque Nacionalista Galego Redondela (BNG): Xoán Carlos González Campo e Yésica García Cruz

Asiste tamén o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera e, actuando como secretaria, a secretaria xeral, M^a Ángeles García Villaverde.

Unha vez verificado por esta secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, da que estendo a presente acta.

INCIDENCIAS:

1) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das persoas das vítimas da violencia de xénero, subliñando a alcaldesa que con maior motivo nesta semana na que se conmemora o 25 de novembro, Día Internacional contra la Violencia de Xénero, pero igualmente os 365 días do ano e tamén polas persoas falecidas polo CoViD-19

2) Ás 20:27 h incorpórase a concelleira María Sandra Bastos Míguez

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión Ordinaria 12/2020 do 05/11/2020

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9AGC92TMR4Y5AN7W72D | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 25



Dase conta do borrador.

INTERVENCIÓNS:

O Sr González Campo insiste na cuestión das correccións lingüísticas e uso axustado do idioma, porque é moi importante que, en documentos de carácter oficial, como son as actas dos plenos, se coiden eses tenas, Sobre todo habendo un técnico de normalización lingüística no Concello.

Pide desculpas a Secretaria, si hai algún erro e que instara mellorar a corrección das actas.

A alcaldesa indica que normalmente se lle pasan a maioría dos textos para a súa corrección e que se tomará en conta esta petición.

Non habendo máis obxeccións, queda aprobada a acta por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes.

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión Extraordinaria Urxente 13/2020 do 12/11/2020

Dáse conta do borrador da acta desta sesión.

Queda aprobada a acta por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes.

3. Declaración Institucional polo 25 de Novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller.

A alcaldesa da lectura da seguinte declaración institucional, indicando xa a pasara aos grupos municipais, en relación coa conmemoración do día 25 de novembro:

“Un día como hoxe, 25 de novembro, hai 60 anos, na República Dominicana, tres irmás, Patria, Minerva e María Teresa, foron asasinadas polo simple feito de ser muller: mulleres loitadoras, mulleres con voz propia, mulleres que buscaban a liberdade para o seu país, mulleres que non quixeron poñer á venda a súa dignidade.

Esas irmás, as irmás Mirabal, coñecidas co alcume das Bolboretas, desafiaron a todo un tirano. Hoxe, a súa memoria, a memoria das bolboretas, mantense na persoa de tantas e tantas mulleres, que dun cabo ao outro do mundo, desafían os diferentes rostros da tiranía: a tiranía da beleza, a tiranía do silencio, a tiranía da domesticidade, a tiranía do patriarcado, a tiranía da violencia, a tiranía do maltrato, a tiranía da morte.

Por iso dende a nosa vila de Redondela quixemos este ano celebrar o 25 de novembro volvendo ás raíces. Esa volta ás raíces levounos a vestir a nosa vila de bolboretas para non esquecer. Esa volta ás raíces lémbra-nos que queda moito por facer, si, pero tamén danos alento para construír xustiza social no camiño da loita pola igualdade, pola dignidade e pola irmandade. Esa volta ás raíces lémbra-nos que non podemos dar nin un paso atrás. Esa volta ás raíces lémbra-nos que cada persoa ten que estar seriamente comprometida na erradicación desta lacra que é a violencia contra as mulleres en calquera das súas formas: invisibilización, silencio, maltrato, abuso, acoso,





dano psicolóxico, morte...

Cada persoa, de maneira individual e colectiva, debemos mostrar o noso compromiso na loita contra a violencia de xénero, aínda máis se cabe na situación actual na que a pandemia que asola ao mundo desgasta a unha poboación asustada e inmersa na incerteza, afondando a brecha de xénero tanto na vida privada como no ámbito público.

A situación orixinada para frear a propagación da COVID-19 obrigou a medidas extraordinarias que puxeron e continúan poñendo en perigo a mulleres e crianzas, aumentando o poder e control de quen converte o seu fogar nun lugar inseguro e violento e provocando un aumento dos niveis de violencia de xénero, doméstica e sexual.

A situación actual esixe que os diferentes niveis de goberno, xunto con organizacións da sociedade civil e coa cidadanía, traballen de maneira unida, coordinada e global, tendo presente que a igualdade de xénero é máis que nunca o fío condutor que seguir.

Hoxe máis que nunca, a administración, nos seus diferentes niveis, debe continuar coas políticas e programas de prevención e loita contra a violencia de xénero, incluíndoas como solución á crise económica e social orixinada polo COVID-19. Deben manterse os recursos económicos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, as axudas económicas para vítimas da violencia de xénero e os recursos e servizos de atención directa como o Centro de información á muller ou o Servizo ATENPRO.

Polas mulleres que sofren as consecuencias da crise sanitaria, polas que loitaron e loitan contra a violencia de xénero, polas que sofren en silencio, polas que coa súa vida reflicten a violencia máis extrema..., por todas elas, hoxe, en Redondela, a memoria das bolboretas ten rostro e nome. O rostro e nome de todas as mulleres asasinadas, e das que non coñecemos o seu nome pero que están sufrindo violencia de xénero. Todas son hoxe bolboretas ás que a violencia de xénero lle rompeu as ás.

Non permitamos que caian no esquecemento. Non permitamos que ninguén secuestre e silencie o noso berro: nin unha máis, nin unha menos... Queremos voar seguras, libre e vivas!"

4. Declaración Institucional ante a Fin do Cesamento do Fogo no Sáhara Occidental.

A alcaldesa da lectura da seguinte declaración:

“Durante máis de 45 anos o pobo saharauí sufriu unha situación dramática de exilio, represión e abandono, co consecuente deterioro dos seus dereitos humanos, liberdades fundamentais e condicións de vida. Ademais do drama que supón para os saharauís, provoca inestabilidade e limita o desenvolvemento económico e social da rexión do norte de África.

O 13 de novembro de 2020, as Forzas Armadas marroquís violaron deliberadamente o Acordo de Cesamento do Fogo, vixente desde 1991, entre o Reino de Marrocos e a Fronte POLISARIO. O Reino de Marrocos enviou forzas militares á brecha ilegal de Guerguerat a reprimir a poboación civil saharauí que se manifestaba desde hai catro semanas na zona denunciando a apertura da devandita brecha.





CONCELLO DE REDONDELA

Marrocos abriu este paso no ano 2001, violando así o Dereito Internacional. O Acordo de Paz de Nacións Unidas (1988) e os acordos militares entre Marrocos e a Fronte Polisario prohiben a apertura de pasos no muro militar marroquí. A ofensiva das forzas marroquí e a lexítima resposta da Fronte Polisario en defensa da poboación civil saharauí deu lugar a unha serie de enfrontamentos ao longo do muro marroquí, e a unha declaración do Presidente da República Árabe saharauí Democrática dando por finalizado o compromiso co cesamento do fogo asinado entre a Fronte Polisario e o Reino de Marrocos en 1991.

Como é sabido Redondela foi un dos primeiros concellos en establecer unha irmandade co pobo saharauí de Tinduf. Tamén está entre os primeiros na colaboración con "vacacións en paz". Ante estes feitos o Concello de Redondela:

REAFIRMAMOS a nosa solidariedade inequívoca coa loita do pobo saharauí e o Fronte Polisario, o seu representante lexítimo.

RESPONSABILIZAMOS ao Reino de Marrocos da violación do Alto ao Fogo de 1991 e como único responsable da inestabilidade que se xerou e que se pode estender a toda a rexión do Magreb.

INSTAMOS á MINURSO e ás Nacións Unidas a que garantan a seguridade na zona, a vixilancia dos Dereitos Humanos da poboación saharauí e promova sen máis dilación a solución xusta e definitiva do conflito do Sáhara Occidental, mediante a celebración do referendo de autodeterminación.

EXHORTAMOS ao Comité Internacional da Cruz Vermella a que asuma as súas responsabilidades por todo o que acontece no Sáhara Occidental, dado que é un Territorio Non Autónomo, ilegalmente ocupado por Marrocos, baixo mandato da ONU e porque as dúas partes en conflito son asinantes das Convencións de Xenebra.

INSTAMOS o Goberno español a apoiar a ampliación do mandato da Misión das Nacións Unidas para o Referendo do Sáhara Occidental (MINURSO), de vital importancia para a vixilancia do cesamento do fogo de 1991" e impera "a que solicite, sen máis dilación, o nomeamento do novo representante especial das Nacións Unidas para o Sáhara Occidental.

PEDIMOS ao Goberno español que incremente a acción humanitaria e a cooperación coa poboación saharauí "que resiste en condicións infrahumanas nos campamentos de refuxiados, para aliviar así as extremas condicións de vida dos seus habitantes e cubrir as necesidades alimentarias, educativas e de aloxamento da súa poboación".

5. Proposta de Nova Aprobación Provisional da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento, no Ámbito de Leitón-Cidadelle, na Parroquia de Chapela.

A Sra. Castro, da lectura a proposta:

Dítame da comisión informativa de urbanismo, vivenda e infraestruturas (Xuntanza ordinaria do día 23 de novembro de 2020)

"Pola presidencia, a concelleira de urbanismo, dáse conta da súa proposta de data 19 de novembro de 2020 do seguinte tenor:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9AGC92TMR4Y5AN7W72D | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 25



Considerando que por Acordo do pleno concello na sesión ordinaria do 28 de maio de 2020 aprobouse provisionalmente o documento da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias, no ámbito Leitón-Cidabelle, na parroquia de Chapela, asinado en novembro de 2019 e redactado pola arquitecta María Ríos Carballeira.

De conformidade cos artigos 60.16 e 61 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, mediante oficio da alcaldía asinado en data 15 de xuño de 2020 rexistro saída RC-2477, enviouse expediente completo, aos efectos de que se proceda á súa aprobación definitiva pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Visto o oficio da xefatura territorial de Pontevedra do servizo de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que require a adaptación do documento da Modificación Puntual das NNSS, ás Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia (NT), aprobadas pola Orde da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 10 de outubro de 2019, publicada no Diario Oficial de Galicia número 224, do 25 novembro de 2019, que entraron en vigor o 25 de maio de 2020, así como cumprimento do requirimento da xefatura territorial da Consellería de Cultura e Turismo.

Visto o novo documento da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias, no ámbito Leitón-Cidabelle, asinado en novembro de 2020 pola arquitecta María Ríos Carballeira.

Vistos os informes do arquitecto municipal de data 18 de novembro de 2020 e da mesma data, da técnica de administración xeral adscrita a urbanismo (informe núm. 2020-0127).

Vistos os informes emitidos, de acordo co disposto no artigo 173.1.b) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro e, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional: pola secretaria xeral do concello con data 19/11/2020, polo que emite nota de conformidade co informe núm. 2020-0127 do 19/11/2020 da técnica de administración xeral de urbanismo e; polo interventor xeral de data 19/11/2020 (informe Ref. ASR-19.11.20.2).

Realizada a tramitación legalmente establecida e, en cumprimento do disposto no artigo 22.2. c) da LBRL, teño a ben propoñer ao pleno do concello, previo ditame da comisión informativa de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o novo documento da Modificación Puntual das Normas Subsidiarias, no ámbito Leitón-Cidabelle, asinado en novembro de 2020 pola arquitecta María Ríos Carballeira, o cal substitúe e deixa sen efecto o aprobado provisionalmente polo concello pleno o 28 de maio de 2020.

Segundo.- Enviar o expediente completo, debidamente dilixenciado, á consellería competente en materia de urbanismo para a súa aprobación definitiva, seguíndose os trámites que se dispoñen nos puntos 14 a 18 do artigo 144 do Regulamento da lei do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Votación e ditame:

A comisión informativa de urbanismo, vivenda e infraestruturas, en votación ordinaria e





por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 3 votos a favor (2 do PsdeG-PSOE e 1 de AER) e 1 abstención do PP, estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.

INTERVENCIÓNS

A Sra. Castro explica que en maio de este ano, este Pleno aprobou provisionalmente esta modificación segundo os procedementos establecidos na Lei do Solo. O Concello, como último paso, enviou este documento á Consellería para a súa aprobación definitiva. Di que cómpre salientar que, a pesar de seguirse o procedemento da lei do solo e tendo os informes sectoriais favorables, unha vez examinado polos/as técnicos/as de urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Urbanismo, estes requiriron que se adaptara ao código técnico que entrou posteriormente en vigor. Este é o motivo de que o Concello de Redondela tivera que facer unha adaptación formal do documento e, polo tanto, volver a tralo a este pleno para a súa aprobación provisional, por ser competencia plenaria. Recalca que non existe modificación no contido respecto do documento que se trouxo no mes de maio, polo que se trata dun puro trámite e solo facer constar que se fai conforme á modificación normativa. Recorda que o que se pretende con esta modificación é cumprir coa Orde do Consello da Xunta de Galicia do ano 2017 no que instaba ao Concello de Redondela a modificar o seu planeamento para poder adaptalo ao proxecto público educativo da construción do colexio novo de Igrexa. Di que, por elo, existe a necesidade de modificar esta clasificación do solo actual que pasa de urbanizable residencial a solo dotacional de equipamento público co obxectivo principal de crear unha reserva de zonas verdes e espazos libres, integrar a proposta de equipamento público educativo que inclúe tanto o colexio coma esa futura escola infantil que esperamos que pronto sexa unha realidade. Di tamén que ademais reconece a condición de solo de núcleo rural de algunhas das edificacións existentes ademais de, o que é moi importante, incluír os espazos protexidos da contorna e adaptalos á futura ampliación e trazado da subida a Maceiras, que está pendente de realizar ata que se aproben estas normas definitivamente. Di que é un trámite necesario e solicita a aprobación do asunto coma xa se acadara no mes de maio para poder continuar.

INTERVENCIÓNS

O Sr. González apela ao Regulamento Orgánico do Concello, no seu artigo 31 facendo unha intervención máis que de orde, de forma. Pide que este tempo non se lle contabilice na intervención deste punto. Di que se están observando nos ditames de algunhas comisións que hai algunha cuestión que non é procedente. Quere recordar que na sesión organizativa extraordinaria de xullo de 2019, no punto 7 fala das comisións informativas permanentes e no punto segundo fala de que haberá un presidente ou presidenta no/na que delegue a alcaldesa e catro vocais, un de cada partido, con voto ponderado. Por outra parte, expón que no artigo 57 Regulamento Orgánico do Concello di que os votos serán computados en relación da representatividade de cada concelleiro/a e, no seu caso, o voto da presidencia será para desfacer o empate. Di que en votacións de algunha comisión se están a computar os votos da presidencia, que non deben constar, que os votos son solo dos vocais representantes dos grupos políticos. Que se está incumprindo en distintas comisións.

A Alcaldesa da as gracias polo comentario e di que nas comisións interveñen funcionarios/as que son os que regulan o funcionamento de comisión e que se





estudiará coa Secretaria. E que o pode comentar en calquera momento.

O Sr González retoma o asunto en relación coas comisións informativas, di que nas propias comisións xa o ten expresado, pero que ao non terse en conta é polo que decide manifestalo no pleno. Di que se están a convocar as comisións informativas para un pleno, por exemplo para o último pleno de 16 puntos, se convocaron 3 comisións nas que se debaten 3 puntos nun mesmo día. Di que pode ser que non se poida participar ese día. Considera que esto pode admitirse puntualmente por razóns de urxencia, pero noutro caso hai todo un mes para convocar as comisións que sexan precisas para poder ser tratadas as cuestións en tempo, forma e para que poidan participar todos/as.

O Sr. González continúa retomando o debate do punto 4. Di que entende que é un trámite administrativo, unha consellería se dirixe ao Concello de Redondela respecto a un acordo plenario de maio e a tramitación implica unha nova aprobación. Di que esperan que nos próximos orzamentos da Xunta de Galicia se recolla definitivamente a partida para que se constrúa a escola infantil en Chapela porque é unha área con unha poboación moi nova e que polo tanto existe esta necesidade.

O Sr. Villar di que lle alegra que se acorde da participación nas comisións pero que lle sorprende que estas cuestións se pregunten no Pleno, que son cuestións que deberían arranxarse entre voceiros e porque algúns non eran moi asiduos. Di que lle parece lamentable que se aproveite o pleno para estas cousas. Respecto do punto da orde do día di que este é o fin dun ciclo, que entende que é unha modificación estritamente formal pero que en todo caso, chega un lustro tarde porque se puido construír xa ese colexio no anterior mandato coa lei Citroën e non habería un problema. É un tema administrativo e técnico.

A Sra. Amoedo di unha cuestión de orde en base ao artigo 31 do Regulamento Orgánico e que se efectivamente é como di o Sr. González, solicita da Secretaría que aclarase si está ben o ditame, e segundo o artigo 34 se se pode votar por parte da presidencia.

A Alcaldesa di que este non é o momento para entrar en este debate e que todas as semanas hai xunta de voceiros nas que se pode tratar o tema e que ela sempre está a disposición para aclarar calquera tema. O punto a tratar agora é o da orde do día. O demais se tratará no momento oportuno.

A Sra. Amoedo di que o artigo 34 do Regulamento Orgánico establece claramente que en caso de que algún/ha concelleiro ou concelleira o precise, pode intervir en calquera momento cando solicite un asesoramento técnico. Pide que se aclare antes o ditame deste punto para continuar co debate.

A Sra. Secretaria aclara que a votación é proporcional á representatividade dos grupos segundo o acordo plenario que se adoptou para a composición das comisións informativas, e o voto de calidade é para dirimir os empates, sen que sexa incompatible o que di o regulamento. O que importa é que a votación faise ben porque os/as concelleiros/as están presentes no momento da votación e se cumpre coa proporción da votación. Pode haber un defecto formal pero iso non implica que estea mal realizada a votación.

A alcaldesa insiste en que se estudiará, pero que se está a facer o que normalmente se viña facendo e solicita que se reconduza o debate ao punto 4 da Orde do día.





CONCELLO DE REDONDELA

A Sra. Amodeo di que efectivamente este expediente nace no ano 2018 co mandato do goberno do grupo municipal do PP e que ademais iniciar esta modificación puntual, conseguiuase o novo colexio e un espazo de recreo e de zonas verdes en condicións para Chapela. Di que esta é a forma de negociar con Audasa e non admitir 3.000 euros por un galpón. Non como vostedes, que admitiron un convenio no que non se favorece aos veciños de Chapela senón aos intereses do partido socialista. Esta modificación puntual está avanzando porque se iniciou polo PP. Temos claro que vostedes acaban de perder 161.000 euros do prezo de expropiación da casa de Correos. Non entende a présa por asinar este convenio cando a Addenda aínda non está aprobada definitivamente. Rendíronse antes de tempo. AER doblegouse ante Madrid, ante Fomento e ante o PSOE por estar gobernando. Este proxecto é bo para Chapela e para Redondela porque ademais dun colexio, que xa temos, haberá zonas verdes. Pregunta á concelleira de Urbanismo cal é o destino que teñen previsto para esa zona, ademais da escola infantil e que eles xa loitaron para que se recollera nos orzamentos da Xunta, que xa estaba con fondos europeos, que solo hai que pór a disposición da xunta de Galicia eses terreos e que esperan que teñan máis proxectos que os que xa tiña o partido popular.

A Sra. Castro di que este proxecto non se iniciou en 2018, iniciouse antes. Di que se refire a unha gran negociación por parte do partido popular e unha pésima negociación por parte do partido socialista. En cambio, di que é o actual goberno quen negociou unha permuta dunha parcela na que os veciños de Chapela van poder dispoñer en breve, e que non se lle regalou a ninguén nada. Di que a parcela á que se refire de 35.000 m² que foi de balde para o Concello, contrariamente estalle costando moito diñeiro, empezando por un proxecto de urbanización que lle costou aos veciños e veciñas de Redondela máis de 400.000 mil euros. Di que outro grande custo da negociación do partido popular é o proxecto de mellora de acceso a Maceiras, que vaille supoñer aos/ás veciños/as outros 400.000 euros máis. Di que a negociación deste procedemento tocoulle ao partido popular nese momento. Vostede ten a obriga de tramitar pero non engane a ninguén. Esa negociación tan boa súa estalle costando aos/ás veciños/as de Chapela máis de 1 millón de euros. Di que non é certo que para a escola infantil solo fai falta que se poñan os terreos a disposición do Consorcio galego de Igualdade e Benestar. É tanta a falta de respecto que mostra polos/as veciños e veciñas de Redondela que penso que estou nun soño. Vostede intentou enganar aos/ás veciños veciñas en plenas eleccións municipais e vostede e os seus compañeiros do Consorcio galego intentaron enganar ás/aos traballadores/as para firmar un protocolo no que estaba escondido un convenio por eso non lle deixaron asinar en plenas eleccións e agora este Consorcio galego diga que non se pode firmar ningún convenio ata que estean aprobadas estas normas. Non pode explicar por que había eses privilexios cando goberna o pp e agora co goberno socialista e de AER non existen. O consorcio galego de benestar goberna para todos os galegos e galegas. Gustaríalle saber cal é o motivo de por que en maio de 2019 se podía firmar ese protocolo e agora non se pode.

O Sr. González reitera que en varias comisións estanse cometendo erros e non se tivo en conta a súa advertencia e que é por iso que o trae ao pleno. Di que respecto ao tema dos días de celebración e convocatoria das comisións faise sempre o último día do prazo. Di que é denunciante, xa que á oposición esíxelles presentar as mocións con case unha semana de antelación, cando o goberno ten tempo dabondo. É simpático que o concelleiro de AER pida que un concelleiro do BNG estea ao nivel de catro de AER. E máis sendo hoxe o último en chegar ao comité de seguridade no traballo é o primeiro en marchar. Respecto dos terreos, di que non é certo que sexa o fin dun proceso, que aínda hai falta dunha compensación por parte de Audasa de reposición

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9AGC92TMR4Y5AN7W7ZD | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 25



CONCELLO DE REDONDELA

de viais, polo que o proceso da AP9 non está rematado. Respecto da voceira delegada da Xunta de Galicia, voceira do PP en Redondela, esquecese que os trámites aceleráronse para aprobar este proxecto do colexio Igrexa porque houbo mobilizacións na rúa da asociación de afectados pola ampliación da autoestrada e a ANPA do colexio Igrexa e a asociación de veciños de Chapela que forzaron a que a Xunta construíra este edificio e a mais beneficiada foi a SAREB, que non se sabe o que sacou pola venta deses terreos. Di que xa veremos se nos orzamentos na Xunta veñen consignados os necesarios para a escola infantil porque nos anteriores viña soamente unha parte.

O Sr. Villar di que se cansou da aptitude do BNG e está farto deste rebanchismo. Vostede non o identifico co BNG. Pregunta se sabe que estaba facendo antes de ir para o comité, pois avisar porque había un vertido da rúa e foino poñer en coñecemento de Urbaser. E que despois fun a unha mesa de contratación que vostede sabía que estaba convocada. Respecto do punto da orde do día di que o tema da AP9 dálle a razón, di que é insultante que o partido popular de Redondela se estean botando flores coa AP9, que foi un desastre. Di que non hai gloria e non se pode tapar con infraestruturas. Foise facendo porque a cidadanía moveuse. Di que o partido popular quería poñer unha gardería debaixo do colexio de Angorén para gañar as eleccións do 2015. Que na finca hai un patrimonio etnográfico e natural e hai que ter coidado co que se faga alí e tamén Chapela necesita dunha zona verde.

A Sra. Amoedo di que o que un insulto á cidadanía é ver como un grupo como AER se plegou a Audasa. A ver se convocan a comisión e falan coa asociación da AP9, que queda moito por defender en Chapela respecto do expolio que quere seguir facendo Audasa en Chapela e que vostedes llo están permitindo. E o que di a Sra. Castro de que lle vai costar moitos cartos, Chapela leva moito sufrido por culpa desta autopista e esa ampliación que deixou asinada Pepiño Blanco, que vostedes se esquecen moi rápido. Ese goberno municipal do partido popular loitou xunto aos/as veciños/as, a diferenza de vostedes, que lle pechan as portas aos/as veciños/as. Pléganse aos intereses partidistas. Recorda que o anterior goberno socialista pedira un préstamo para comprar esa finca e aínda así non foron capaces. A verdade é que regalan edificios a Audasa, non negocian. A realidade é que estando o pp no goberno, Audasa invertiu entre terreo e colexio 4 millóns de euros. E vostedes acábanlle de regalar un edificio e total, para un espazo que era onde estaba o colexio e que Audasa íallo reverter ao Concello porque non lle interesa para nada. Pensamos que Audasa se vai pasar polo forro as alegacións que presentaron esixendo para que incorporen á Addenda as inversións que tiñan comprometidas inicialmente. Pregunta polo proxecto que ten este goberno para os terreos.

A Sra. Castro, respecto da reversión, pregunta se negociaba pensando en que Audasa lle ía reverter o edificio. E o edificio de Correos non custaba 160.000 senón 116.000, e era mais ou menos o mesmo prezo que a parcela do antigo colexio Igrexa, por iso se permutou. Cando vostede gobernaba era imposible poñer un semáforo en Angorén e agora está posto e imos poñer outro en Cesantes. Di que entende que vostede non vai vir ao Pleno a aplaudir o traballo que facemos nin o esforzo deste goberno pero debería cambiar de actitude. Deixar de pensar en intereses partidistas e poñer os beneficios do seu partido antes que os intereses dos/as veciños e veciñas de Redondela. Entende que non se sinte cómoda coa situación actual pero hai tempo que, afortunadamente, deixou de gobernar, deixe de enganar e centre o debate nos temas que se tratan no pleno porque esto é bo para todos.

VOTACIÓN

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9AGC92TMR4Y5AN7W7ZD | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 25



CONCELLO DE REDONDELA

Recorda a Alcaldesa que a votación faise en representación polas/os voceiras e voceiros de cada grupo.

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (2 BNG, 3 AER, 9 do PP e 7 do PSOE)

6. Derrogación Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Instalación e Utilización na Vía Pública de Mesas, Cadeiras, Parasois e Instalacións Complementarias que Constitúan Actividade de Hostalaría con Finalidade Lucrativa do Concello de Redondela

A Sra. Castro lee a proposta, que textualmente, di:

“Proposta da presidencia da comisión de informativa de economía e facenda

“O artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais , ao regular o feito imponible das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas, fai referencia ao carácter potestativo que teñen as entidades locais para decidir o establecemento de taxas, polo que igualmente teñen a competencia para decidir sobre a supresión das mesmas.

A súa vez, os artigos 92.5 e 93.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, de carácter básico, o segundo deles, tal e como dispón a Disposición Final segunda punto 5, dispoñen, pola súa banda, que tanto as autorizacións como as concesións de uso privativo ou aproveitamento especial do dominio público poderán ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou condición ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa o aproveitamento especial de bens do dominio público. Establecida, en consecuencia, o carácter potestativo da taxa por ocupación do dominio público.

O Concello de Redondela, ante a crise ocasionada pola pandemia provocada pola COVID-19 considera necesaria a derogación mentres dure a situación de pandemia da Ordenanza fiscal do Concello de Redondela reguladora da taxa pola instalación e utilización na vía pública de mesas, cadeiras, parasois e instalacións complementarias que constitúan actividade de hostalaría con finalidade lucrativa, dadas as dificultades económicas que atravesamos este sector de actividade. Con esta medida búscase colaborar no mantemento dos postos de traballo ligados á hostalería, rebaixando as cargas fiscais que estes locais deben soportar, e sen prexuízo do establecemento da taxa por ocupación da vía pública novamente, cando a situación económica o permita.

Na tramitación desta derogación, de ser o caso, aplicarase en todo caso o principio de transparencia procedendo á publicación dos acordos impostos pola normativa de aplicación e o de eficiencia ó prever unha modificación da normativa o mais áxil e o mais racional cos recursos públicos.

Entende esta concelleira que a aprobación desta modificación non suporá un incumprimento da estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira, posto que pódese estimar a redución de 7.142,04 € a partir do importe que se deixaría de ingresar o ano pasado de estar vixente o texto modificado da ordenanza que se Concello de Redondela

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9AGC92TMR4Y5AN7W72D | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 25



CONCELLO DE REDONDELA

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

Primeiro.- A aprobación provisional da derogación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola instalación e utilización na vía pública de mesas, cadeiras, parasois e instalacións complementarias que constitúan actividade de hostalaría con finalidade lucrativa do Concello de Redondela.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente administrativo referido á modificación da ordenanzas fiscais citadas durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, debidamente lexitimados, poderán examinar o expediente administrativo e presentar por escrito as reclamacións que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición ao público adoptaranse, polo Concello Pleno, os acordos definitivos que procedan resolvendo as reclamacións no seu caso presentadas e aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza fiscal. Se non fora presentada ningunha reclamación no prazo citado entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, sen necesidade de novo acordo plenario.

Terceiro.- Autorizar aos Servizos correspondentes, para unha vez, de ser o caso, aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á apertura do correspondente arquivo das ordenanzas para as posteriores refundicións por modificacións parciais da mesma.

Cuarto.- Facultar a Alcaldesa-Presidenta ou Concelleira/o en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.”

INTERVENCIÓNS

A Sra. Casto explica que, en vistas as dificultades deste sector pola Covid, entendemos que isto non provoca ningún prexuízo que non se poida soportar, ve viable derogar esta ordenanza. É a única fórmula que temos para non cobrar a taxa e para aliviar un pouco e poñer un pequeno grande gran de area para axudar a este sector tan castigado e solicita do pleno o apoio a este asunto para non cobrar esta taxa no vindeiro ano.

O Sr. González di que teñen esta cuestión moi en conta. Non afecta ao 100% da hostaleira porque non se verían beneficiados todos establecementos, só os que utilizan terrazas en espazos públicos. Hai que seguir traballando e vemos que se están poñendo en marcha outras iniciativas para sectores e aos propios veciños e veciñas, tendo en conta que a Xunta de Galicia fai deixación de funcións. Temos os Concellos que facer este tipo de actuacións. Quere dicir ao goberno que se apoiou no seu momento unha mesa de reactivación económica, unha iniciativa que lle pareceu moi axeitado pero que se reuniu hai uns meses, e entenden que o correcto sería convocar esa mesa e plantexar esta proposta e analizar e propoñer outras antes de traer esta decisión ao pleno. Consideran que non sería moralmente admisible que houbera un remanente e que, se non se gastan determinadas partidas do orzamento e propoñerían pensar en axudas no ano que vén. Di que outra das cuestións que plantexaban era reducir os impostos ás empresas que cada vez que realicen obras, que xa no seu momento se acordou beneficiar ata o 95% para grandes empresas pero non chega para as actividades que empreguen a catro, cinco... dez traballadores e que é algo que agora cobra sentido.





CONCELLO DE REDONDELA

Seguen insistindo en axudar ao conxunto da veciñanza e considera que hai que modificar a ordenanza de emerxencia social, que a estas alturas do ano haxa sen gastar 66.000 euros, haberá que modificar a ordenanza para que efectivamente se logre mellorar a concesión destas axudas. Esta vai a ser unha proposta que o BNG poña sobre a mesa para apoiar os orzamentos do vindeiro ano.

A Sra. Couñago expón que a proposta que se tratou na comisión e foi interesada de modo case unánime dos grupos políticos de Redondela. Estamos nunha situación excepcional, no que debe primar a saúde, sendo a hostalaría uns dos sectores mais castigados durante esta época, obrigándoselle ao peche en varias ocasións. Se ben non é o único, xa que outros sectores e actividades viron os seus ingresos reducidos ao mínimo (autónomos, pequenas empresas). Tamén quere facer especial fincapé en que se trata de non cobrar unha taxa pola ocupación da vía pública, a vía pública é un ben de toda a cidadanía que debe usar con plena liberdade que se mantén cos impostos de toda a veciñanza. Quere que quede claro que é algo provisional pola situación excepcional. Vaise a traballar nunha nova ordenanza para que sexa mais áxil na súa tramitación.

A Sra. Amoedo explica que están contentos porque aínda que sexa no límite do tempo traen vostedes algo que xa demandamos o 18 de marzo por rexistro no Concello, para aportar ideas para paliar a situación complicada que xa nese momento se vía, o que ían ter que sufrir a veciñanza, os/as autónomas/os e as pequenas empresas de Redondela. Ademais, o 4 de abril presentamos catro mocións con propostas para axudar e aportar ideas nunha situación moi complicada, en especial axudar ás pequenas e medianas empresas do noso Concello. “Establecer con carácter inmediato un procedemento de subvencións dirixidas aos traballadores autónomos, comerciantes e pequenas e medianas empresas do noso concello co obxecto de concederlle axudas encamiñadas a sufragar os gastos e prexuízos causados pola obriga do cese temporal de actividades acordado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Proceder con carácter inmediato a realizar e aprobar as modificacións das ordenanzas fiscais necesarias para eximir a autónomos, PEMES e comerciantes do Concello de Redondela do pago de impostos e taxas municipais asociados á actividade económica, durante o período no que teñan a obriga legal de permanecer pechados ou sen actividade durante o período no que teñan a obriga legal de permanecer pechados ou sen actividade”.

Por iso digo que estamos contentos pero non satisfeitos, porque o traen agora en decembro derrogar esta taxa, pero a día de hoxe 0 euros de subvencións.. Xa que están sen resolver as axudas para autónomos e pregunta que pasa coa taxa de terrazas deste ano, por iso algo mais terán que facer. Vostedes anuncian na prensa, o 21 de xullo anunciaban case 2 millóns de euros de axudas para reactivar a autonomía local, pero xa hai sete meses da reunión da mesa de reactivación e xa non se volveu a convocar. Falaron do rediseño dunha web de merca na casa, non é intuitivo e non ten nin un link directo para redireccionar ao comercio. Hai moitos sectores que o están pasando mal, non só os hostaleiros. Saíron falando de axudas de 2 millóns de euros e seguimos esperando, non fixeron nada e van xustos de tempo. Todo o que vostedes prometeron non fixeron nin un 5% e van sempre a rebufo das propostas do grupo popular (moción, catro propostas) Estamos contentos de que se traia e o vamos a apoiar pero non é suficiente, deben ser máis áxiles e competentes pero van a aprobar esta proposta

A Sra. Castro di que falta moita información no seu discurso. Ve que hai moito interese

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9ACG92TMR4Y5AN7W7ZD | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 25



CONCELLO DE REDONDELA

en convocar a mesa, será mellor porque hai moita desinformación e está causando problemas, di que a convocará. Pero parece que non entendeu o funcionamento da mesa, o propósito era unha reunión para realizar plan e ese plan xa está feito, aberto a novas propostas. Esta convencida que todas as medidas que se poñen en marcha non son suficientes pero todas axudas. Pregunta que quixera saber cales son as axudas de comercio e emprego da Xunta de Galicia porque esas son competencias da Xunta, sen embargo os Concellos están facendo un esforzo encomiable para activar o comercio local, todos os esforzos serán poucos pero son os que podemos. A administración funciona lenta e aínda non se resolveron as axudas que convocou este Concello, esperamos que o antes posible, nós non queremos retrasar ningún expediente, en que lle favorece ao Concello de Redondela, vanse mais ou menos de 100 solicitadas, 90 axudas. Este Concello está facendo un esforzo infinito por lograr a reactivación do comercio local. Non significa que por non convocar a mesa non se estea en contacto co tecido comercial, estamos traballando todo ano. O que hai que facer é impulsar o comercio local. A páxina web non está funcionando porque aínda está en proceso, non está feita.

O Sr. González expón que hai moitos comerciantes de Redondela que non solicitaron a axudas porque eran moi complicadas. Haberá que simplificalas, en este eido e tamén noutros como a de emerxencia social. En canto a mesa de reactivación é lóxico pensar que cando hai unha decisión de calado como é esta, primeiro se fale. E en canto ao papel da Xunta, é coñecido que a Xunta abandonou aos galegos e galegas á súa sorte nesta pandemia. Ben puido a voceira do pp, que tivo a oportunidade, cando veu a concelleira de Medio Mariño a Redondela en campaña electoral de preguntar que pasaba coas axudas das mariscadoras e estes días están cos orzamentos da Xunta, están aprobando a lei de acompañamento e o que fan é unha bonificación do cánon da auga a bares, restaurantes, aloxamentos turísticos con efectos retroactivos dende o 5 de novembro. Deben poñerse as pilas porque son titulares da maioría das taxas e impostos. Se se quere contar co BNG, hai que poñer todo sobre a mesa. Xa van varios anuncios no pleno de que se vai facer unha nova ordenanza pero haberá que concretalas. Van a dar o apoio.

A Sra. Couñago, con respecto ás manifestacións do Sr. González ten razón, di que ten dous concelleiros, pero cada un ten o número de concelleiros que ten, si non quixo estar no goberno. Di que hai que modificar a ordenanza de emerxencia social pero que non sexa coma na anterior modificación da ordenanza que non asistiu a moitas comisións. Todos os concelleiros temos obrigas, persoais, laborais e tamén como concelleiros e para iso estamos neste cargo. Aquí se acordaron un montón de axudas e aquí non está facendo nada a Xunta. Para os nenos que non tiñan internet, a limpeza e desinfección, eses cartos saen desas partidas do Concello que di vostede que non se puideron gastar e agora están todas destinadas ao Covid. A voceira do pp que temos que ser máis áxiles, participativos, ter máis empatía pois a ver se se aplica o conto que vostede pertence ao grupo popular que goberna en Galicia. Vostede di que chegamos tarde pero, temos competencia en comercio, temos que dar axudas e o fixemos con sacrificio e con esforzo. Están aprobadas e xa empezamos a fase hai moito tempo, en maio. Sabe cando a Xunta sacou as axudas para os autónomos? A xunta ata agora non deu axudas, só liñas de crédito, as axudas aínda estamos esperando por elas.

A Sra. Amoedo contesta a Sra. Couñago que demostrou a empatía dende que se decretou o estado de alarma poñéndose a disposición para estar como voluntaria e presentar propostas. Así que empatía toda. O 20 xullo din que Redondela aproba o plan de reactivación cunhas medidas de case 2 millóns de euros e que a folla de ruta

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9AGC92TMR4Y5AN7W72D | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 25



CONCELLO DE REDONDELA

inclúe medidas de carácter sanitario, económico e social que permitirán dinamizar a actividade económica ás empresas e autónomos. Iso dixeron vostedes, a nosa prioridade é impulsar o comercio de proximidade, e a nosa hostalaría, ademais queremos reforzar a actividade cultural e turística así como ofrecer seguridade sanitaria, liquidez aos empresarios e avanzar na transición ecolóxica. Nin a web está en marcha, entro en me encontro cun listado que non ten nin os produtos, nin podo acceder a eles, nin a súa páxina web. O problema que van a rebufo do pp. Nin convocaron a mesa de reactivación económica nin a mesa local de comercio onde está tamén a Xunta de Galicia representada. Pero non teñen un proxecto, non teñen unha ruta marcada. Din que A Xunta de Galicia non fixo nada, pero soamente na semana pasada nas axudas aos autónomos deu 30 millóns de axudas. Maña sae un plan de rescate para autónomos de 84 millóns. Que fai Pedro Sánchez na Moncloa, mirar para outro lado. Isto está moi ben pero é insuficiente. Levamos dende marzo presentando propostas para que vostedes poidan facer cousas en Redondela e nos encontramos con que non escoitan.

A Sra. Castro responde á Sra. Amoedo que é consciente da desinformación absoluta da Sra. Amoedo para que comprobe que moitas destas iniciativas deste plan xa se puxeron en marcha. Podemos enumerar todas estas axudas: 60.000 euros que este goberno puxo a disposición dos/as autónomos/as, sen ter competencia. Acaba de aprobarse case 20.000 euros de axudas directas para o sector da hostalaría e o procedemento vai ser máis sinxelo, campaña da comunicación empezará os próximos días nas datas de Nadal. Eso que veu na páxina web leva aí colgado dende marzo ou abril, a páxina web está en proceso. Facemos para impulsar o comercio aínda que non sexan suficientes as axudas e o sabemos e seguimos traballando. Tivemos unha actividade cultural envidiable todo o verán e tivemos un programa dos concertos da sesión vermú. Vostedes non participan na vida cultural, e social da vila, cómpre en Redondela e predique co exemplo. Parece mentira que o ex-alcalde promova o comercio local e xamais o vin nun comercio desta vila. Cando un vén a unha mesa e a negociar hai que vir cunha actitude positiva e vostede ven cunha actitude agresiva e inquisidora que non nos gusta. Avisa que se van a publicar nestes días as novas axudas para a hostalaría.

VOTACIÓN

A Alcaldesa pide que se inicie a votación, que a votación se fará coma sempre, en representación polas/os voceiras e voceiros de cada grupo.

Sometido o asunto a votación, resulta aprobado por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (2 BNG, 3 AER, 9 do PP e 7 do PSOE)

7. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos VI/2020

A Sra. Castro le a proposta, que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 19

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9AGC92TMR4Y5AN7W72D | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 25



de novembro de 2020, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 322,55 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2020:

Número Factura Económica	TERCEIRO	Importe	Funcional
2996 2260400	CRISTINA ROLLAN SALGADO	71,89 €	1511A
2994 2260400	CRISTINA ROLLAN SALGADO	154,30 €	1511A
2463 C 2260400"	RISTINA ROLLAN SALGADO	96,36 €	1511A

A Sra. Castro explica que se trata de tres facturas do rexistro da propiedade por importe de total 322,55 €. O recoñecemento extraxudicial é unha figura que aparece regulada na lei para a aprobar no pleno facturas que non están contabilizadas no orzamento anual e que neste caso son servizos prestados no ano 2019 e presentadas no ano 2020.

O Sr. González di que non teñen nada que aportar.

O Sr. Boullosa di que é un trámite legal por tres facturas do mesmo provedor, veñen a explicar que a administración funciona porque se refiren a expedientes sancionadores de urbanismo.

O Sr. Álvarez non poñen impedimentos e danlle a aprobación.

VOTACIÓN

A Alcaldesa pide que se inicie a votación polas/os voceiras e voceiros de cada grupo, resultando aprobado por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (2 BNG, 3 AER, 9 do PP e 7 do PSOE)

8. Aumento Gratificacións VII/2020





A Sra. Castro le a proposta, que di:

“Asunto: aumento da contía global da gratificación extraordinaria VII-20 (5751/2020).

A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que estarán pendentes de aboar tras a nómina de novembro.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar aos empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgada polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Tendo en conta que a cantidade restante para acadar o límite do artigo 7.2.c) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril é de 9.698,83 € pode darse cobertura á solicitude de gratificacións realizada polos departamentos de Policía, Medio Ambiente, Vías e Obras, Estatística e Secretaría por importe de 7.094,39 €.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-19.11.20.1 de 19 de novembro de 2020 que consta de seis páxinas.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 96.993,46 € cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”

INTERVENCIÓNS

A Sra. Castro explica en que se realizaron as horas extras por distintos/as traballadores/as do Concello: tramitación de subvencións de deportes, de intervención para contabilizar as facturas de Fenosa, policía local, debido as obrigas de control e vixilancia nas fins de semana de antidrogas, alcohol, temas do Covid, celebración do shopping day, toque de queda, secretaría pola apertura dos multiusos na fin de semana, batalla de Rande e concerto da inauguración do centro social de Trasmañó e tamén do servizo eléctrico por distintas avarías.

O Sr. González expón que todos os meses se ve obrigado o equipo de goberno a pasar o trámite plenario para fiscalizar estas horas extraordinarias. É das poucas competencias que ten o pleno. Pedimos información por escrito e non se está respostando. O BNG sempre cuestionaba estas horas porque entende que hai falta de persoal pero o “papelón” e da agrupación de electores que antes votaba sempre que non e agora vota sempre que sí cos ollos pechados. E non van a recibir leccións da agrupación que permitiu durante oito anos o goberno do pp, e si o BNG entrara no goberno teñen que saber os/as veciños e veciñas que xa coa actuación ambivalente da casa de apostas xa tiveran abandonado. O tema das gratificacións é algo que vai seguir vindo ata o mes que vén e os/as traballadores/as teñen dereito a cobrar, hai carencia de persoal en Redondela.

O Sr. Villar di que se mencionou un dos servizos dos que é responsable e a vostede se lle contestou ese rexistro e ten que mirar vostede a sede electrónica. Que sepa que





a alguén non se arranxou algo ese día para facer ese informe. AER segue estando en contra das horas triplas, se votaba en contra porque o goberno anterior non se atreveu a tocar este tema. Que me digan vostedes en que empresa se pagan horas triplas. É aí onde se van os cartos.

O Sr. Álvarez di que saben que eles, en responsabilidade, non van a poñer paus na roda para que a xente non cobre. Levamos 96.000 euros de horas extras e non todas son polo Covid. Outro tema é como se gastan esas horas. Chama a atención que se gasten 110 horas colaborando coa policía local, xa sabemos que hai en Redondela pouca policía local, pero a policía nacional por que hai pouca?, porque non loitamos por unha comisaría. E despois pasa que hai varios domingos a comisaría da policía local está pechada. O tema dos eléctricos está ben que se usen as horas extras para as avarias pero chocaba que a fan sempre a mesma persoa e sempre son dúas horas. E vostedes que van a favor da remunicipalización e agora contratan unha empresa, e pide un pouco de coherencia. Outra cuestión que pide que se lle aclare dun traballador que fixo horas de 11 a 15 horas e se lle pagan 2 horas.

A Sra. Castro aclara que o problema era unha errata no tramo horario que era en realidade de 15 a 17 horas, 2 horas, que foi a Pontevedra a buscar a roupa. Redondela está a desfrutar dun numero de policía nacional que nunca tivo. Deixe de repetir porque por moito que repita non vai ser verdade. A xefatura esta pechada o domingo pola mañá pero a patrulla que sae o domingo ten un teléfono no que collen aínda que estean no coche. Moita culpa da problemática que ten este Concello na policía local é gracias ao seu anterior concelleiro Arturo González Barbeito en canto a persoal, vehículos, material... non tiñan nin walkie-talkies que había un contrato fantasma e que este goberno foi o que adquiriu as emisoras para todos e cada un/unha dos/as efectivos da policía local en cuestión de meses. Quere que lle explique como estaba a antena do repetidor de Cedeira? Estaba partida. Podemos falar da situación precaria dos vehículos, da roupa de traballo. Vehículos que o seu concelleiro mercou por 1500 euros e cada mes estaban no taller por reparacións de mais de 2000 euros. O seu concelleiro fixo quendas cun solo policía local e ata as veces con un só auxiliar. Estamos esperando que se incorporen os/as novos/as efectivos porque temos un problema, neste momento é imposible atender as necesidades de Redondela. Farían falta máis de 50 efectivos.

O Sr. González, cre que a estratexia de defender debates políticos nas redes sociais cando un non se pode defender, ou se debate cara a cara, ou é unha mostra de cobardía política. En relación aos escritos está ben que se resposte o escrito nun mes. No tema das gratificacións é positivo que cambie de actitude porque a concelleira o outro día na comisión non dixo nin unha palabra e o outro día votou a favor de horas que estaba explicando a concelleira de facenda que estaban contempladas dunha maneira irregular e nin sequera se veu este erro, agora votan cos ollos pechados. Os traballadores teñen que cobrar as horas que se fagan. Cando se apoiou polo bng a proposta do pp que se negociou non nos templaron gaitas en apoialas. Non están moi de acordo que circula polo Concello a proposta de que van a obrigar a determinados traballadores a compensar aos/ás con horas libres e que non se lle van a pagar e esperan que esa non sexa a proposta do goberno.

A Alcaldesa di que iso non vai a ser así.

O Sr. Villar di que o Sr. Álvarez non fala moito coa Sra. Barciela, que sabe como funciona o servizo eléctrico e que é un servizo que traballa moi profesional, fanse gardas e turnos para cando se chaman polas avarias unhas veces vén un e outras,





CONCELLO DE REDONDELA

outro. O que si que cambiou é o criterio de ir as avarias só se fan cando son realmente avarias. E en canto á iluminación da ponte de Redondela é porque tiña avarias, e vós mandabades aos eléctricos a subir o machete e aos dous ou tres días baixaba de volta, cando realmente había unha avaría. A ponte de Redondela de momento non se vai arranxar porque consume como tres ou catro vivendas e hai que buscar unha medida de aforro. Hai veciños que teñen cacerolos, 30 o 35 anos sen cambiar. Sabe qué está facendo o Concello con esta planta de Aucosa? Mandar policía para controlar esa planta que ten controlar a Xunta de Galicia, saben cántos técnicos veñen da Xunta de Galicia? cero patatero. En canto ao tema dos walkie talkies vamos a deixalo aí.

O Sr. Álvarez contesta ao sr. Villar que vostede está aí de concelleiro de alumeados para solucionar os problemas. Hai veciños que levan semanas e meses para que lle arranxen unha lámpada, esa é a realidade. Coñece perfectamente o traballo da señora Barciela. Á Sra. Castro di que non ven aquí a dicir tonterías senón a fiscalizar e a facer a labor da oposición con tranquilidade e con educación. Na súa intervención só botou lixo enriba do anterior concelleiro, dicir que eu digo tonterías... e levantar a voz. Cando as cousas se fan mal hai que dicilas. Nós non imos a ter a irresponsabilidade que tiña AER por haber horas triplas, vótenas en contra.

A Sra. Castro di que sinte que o Sr. Álvarez se sentira atacado. Vostede sabe que perfectamente cal é a situación da policía, que atende ao servizo aínda que non estea na oficina. Se a min non me gusta escoitar parece que a vostede tampouco. É simplemente un debate político.

VOTACIÓN

Promovida a votación, o asunto foi aprobado pola maioría legalmente esixida, sendo 12 votos a favor, (07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG), e nove abstencións (09 do PP)

9. Revisión de Oficio de Liquidacións Tributarias do Imposto do Incremento do Valor dos Inmobles de Natureza Urbana.

A Sra. Castro explica que se trae a revisión de oficio dunha liquidación tributaria de Meu Lar S.L a instancias dunha sentenza xudicial seguida a instancia de Proxectos Inmobiliarios Meu Lar, SL. Explica que a empresa non estaba de acordo con esta liquidación de plusvalía no seu ano e non presentou o recurso administrativo e pasou o prazo e como única opción instou un recurso de revisión de nulidade do procedemento da liquidación. O Concello inadmitiu a solicitude da declaración de nulidade. E contra esta inadmisión presentou a empresa un recurso contencioso. O xulgado deulle a razón e decide que será nulo de pleno dereito este procedemento porque aínda que se resolveu no prazo establecido pero non foi notificado en tempo. O único que queda ao Concello é declarar esa nulidade de pleno dereito, é competencia plenaria aceptala e o concello volverá tramitar esta liquidación porque non acadou o prazo de caducidade e será notificada á empresa interesada. Por iso propón ao pleno a declaración de nulidade de pleno dereito das liquidacións tributarias firmes en concepto do imposto do incremento do valor dos inmobles de natureza urbana, por importes de 6.797,26 e 2.988,10 euros, do expediente nº6901000002352 á mercantil Meu Lar S.L en data 25.09.2019.





CONCELLO DE REDONDELA

INTERVENCIÓNS

O Sr. González di que a Sra. Concelleira explicou nitidamente este expediente de carácter burocrático, é un absurdo que veña ao pleno, non ven máis que non impedir que o expediente siga o trámite.

O Sr. Boullosa di que coma calquera informe xurídico está cheo de tecnicismos e foron ao departamento de intervención a que se lles explicaran algúns conceptos. Efectivamente a empresa vai ter que pagar estas plusvalías e o único que conseguiu é que vai pagar máis tarde. É un trámite máis e dámoslle para adiante.

A Sra. Amoedo di que non ten nada que dicir, é un procedemento administrativo e que son os/as técnicos/as os que teñen que informar. Puntualizar ao Sr. Boullosa porque dicir se ten que pagar ou non a empresa non é un tema que decidan os políticos. O Concello defende a súa posición pero tamén o/a cidadán/á ten dereito a defender a súa posición e ás veces danlle a razón. Non van a usar o seguinte turno de palabra.

A Sra. Castro agradece que se entenda que é un puro trámite e agradece as súas palabras ao Sr. González.

VOTACIÓN

A Alcaldesa pide que se inicie a votación polas/os voceiras e voceiros de cada grupo, resultando aprobado pola maioría legalmente esixida, sendo dezoito votos a favor (3 AER, 8 do PP e 7 do PSOE) e dúas abstencións (2 BNG)

Facer constar que antes da votación, sendo ás 22.51 h. a Sra. Salomón retirouse da sesión por unha indisposición.

10. Acordar a Extinción do Contrato do Servizo de Limpeza en Edificios, Dependencias e Espazos Municipais do Concello de Redondela, pola finalización do prazo contractual

A Sra. García le a proposta.

En data 01.12.2016 procedeuse á formalización do contrato do servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela, ditándose acordo de adxudicación polo Pleno na sesión celebrada o 9 de novembro de 2016, á empresa Valoriza Facilities SAU.

Este contrato tiña unha duración inicial de 4 anos, estando previsto na cláusula quinta do PCAP a posibilidade de prórroga por 2 anos. Consta acta de inicio da prestación do servizo asinada a 30.12.2016. Finalizando por tanto o prazo de duración inicial establecido no prego de cláusulas administrativas particulares o 30 de decembro de 2020.

En data 04.02.2020, con número de rexistro de entrada 1123, a empresa adxudicataria manifestou, mediante escrito, a súa non disposición a acordar de mutuo acordo unha prórroga do contrato, debido á rotura, ao seu parecer, do equilibrio económico do contrato, así como á publicación o 28 de agosto de 2019 dun novo convenio colectivo para o período 2018-20 con eficacia retroactiva. Dito escrito foi reiterado a 06.10.2020 con número de rexistro de entrada 3439.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9ACG92TMR4Y5AN7W72D | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 25



Plantéxase agora acordar a extinción do contrato pola finalización do prazo, de duración inicial e non esgotar a posibilidade de prórroga prevista na, cláusula quinta do PCPA.

Tendo en conta que se pretende polo Concello de Redondela, obter unha mellora da prestación do servizo que engloba o contrato, así como a súa adaptación ás circunstancias actuais,

Propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Acordar a extinción do contrato do servizo de limpeza en edificios, dependencias e espazos municipais do Concello de Redondela formalizado o 1 de decembro de 2016 coa empresa Valoriza Facilities SAU, pola finalización do seu prazo inicial de duración de 4 anos, segundo a cláusula 5ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, con efectos a 30 de decembro de 2020, data do seu vencemento.

Non obstante, débese comunicar á empresa adxudicataria a imposibilidade de interromper o servizo, incluso pasada a finalización do prazo inicial de duración do 30 de decembro de 2020. Estando obrigada a empresa adxudicataria a continuar coas prestacións obxecto do contrato nas mesmas condicións ata que se leve a cabo unha nova adxudicación ou, en todo caso, cun límite máximo de 6 meses. Todo elo de acordo co previsto na antedita cláusula quinta do PCPA.

En todo caso, será comunicada á empresa adxudicataria a data de adxudicación do novo contrato, na que poderá efectivamente deixar de prestar o servizo.

As condicións de prestación do servizo durante este prazo, serán as mesmas previstas no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas así como as dispostas na oferta da adxudicataria, que no prazo de duración inicial.

Segundo.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria e aos servizos municipais que corresponda.”

INTERVENCIONS

Explica que co motivo da finalización do contrato, imos comunicarlle á empresa que aínda que non se aprobe a prórroga teñen que seguir prestando o servizo ata xuño e mentres estamos preparando a nova licitación.

O Sr. González di que se trae ao Pleno que a empresa que ten un servizo privatizado di que non ten lucro as condicións, non lle compensa economicamente e comunican que queren finalizar o contrato no prazo obrigatorio. O que se pretende é que se apoie a proposta da empresa de rematar este contrato. Para nós é un servizo moi importante que xunto co Servizo de Axuda no Fogar (SAF) son servizos para remunicipalizar pero nos estamos quedando solos porque si o equipo de goberno quixera esta opción xa tiña adiantado o que se quería facer. Este contrato foi aprobado en pleno extraordinario do 9 de novembro de 2016 e sacouse adiante ironicamente porque faltaron dúas persoas de AER e unha de concelleira non adscrita senón faltara algún destes concelleiros non se aprobaría co voto de calidade de Javier Bas. Esta empresa gana porque fai unha oferta temeraria, pero Valoriza, Sacyr hoxe en día, gaña por goleada e plantexa unha limpeza cunha diferenza económica de ao redor de 30.000 euros ao ano, estas grandes empresas xogan cos veciños e veciñas e cando non é rendible. Chama a atención que falta o informe do Interventor para estudar o que vai





CONCELLO DE REDONDELA

supoñer unha nova contratación e consideramos que é unha proposta que vai en contra dos intereses do Concello e dos veciños e veciñas. As empresas teñen equipos asesores para facer as súas propostas e ás primeiras de cambio claudiquemos e lle deamos o visto bo. Si hai servicios privatizados hai que apretarlle. Parécelles que esta proposta debe quedar enriba da mesa e que si ten problemas económicos que os solucione pero ten que cumprir coa prórroga.

O Sr. Boullosa di que pensaba que non ía a haber debate. Estanse escoitando argumentos como que a empresa perde cartos pero non se atreve a dicir que iso sexa así porque non ten datos, en todo caso non gañará o que pretende. A Agrupación de Electores segue apostando pola xestión directa pero apoian a proposta para que siga a empresa ata xuño e mentres se está estudando a posibilidade de remunicipalizar. En resposta ao Sr. González, indica que 120 son as comisións as que faltou o BNG nos últimos catro anos. Se temos un oficio que non nos permite asistir deixemos que se presenten outras persoas.

A Sra. Amoedo insiste e que non teñen proxecto para Redondela e esta é unha clara mostra. Se queren a remunicipalización xa saben desde febreiro que a empresa comunicou que non ía prorrogar o contrato. Deberían ter un cadro das empresas privadas contratadas e faga un estudio de remunicipalización. É unha pantomima xa que se acaba de firmar o estudo cunha empresa privada o 5 de novembro, a empresa ten dous meses para realizar ese estudio e ademais teñen que facer un prego. Imos ver como se fai ese prego. Veñen vostedes aquí agora cando saben dende febreiro que esta empresa e ata agosto non fan nada e externalizan o servizo e pretenden que en menos de catro meses se adxudique ese servizo, xa para a remunicipalización é imposible. Cando un quere facer algo o fai dende o minuto un. Fixeron un acordo que non cumpren. En caso de que se queira remunicipalizar cando pensan facer vostedes ese traballo, vostedes non queren remunicipalizar, queren seguir cómodos con empresas privadas que fagan o seu traballo.

A Sra. García expón que xa están coa frase de sempre de que non traballamos. Ensina un documento que contén os contratos que finalizan en 2019: servizo de telecomunicacións finalizado en marzo de 2019, fixeron cero, piscina, cero, servizo de análise das fontes públicas, case un ano, montacargas, finalizados en 2018. En 2019 e 2020 que finalizan en que están traballando dende xuño en que chegaron. Non é certo que se traía este punto porque Valoriza non quere seguir co servizo. Dende que chegaron fixeron un estudo de como se está a facer este servizo e están exixindo que se fagan cousas que non se estaban a facer. Xa temos unha empresa que está a traballar na xestión directa, mal chamada remunicipalización. Está moi avanzado o traballo e se temos que externalizar foi por todos os pregos que quedaron por facer, e estamos a preparar incluso os de 2021.

O Sr. González, di que concelleira debería ter un informe para argumentar que non está prestando ben o servizo. A empresa xa presentou un escrito que non quere seguir e isto é facilitarlle as cousas. O pp aprobou o prego sabendo que a empresa tiña unha baixa temeraria pero o pp é un ente creado polas grandes corporacións para abri-lles o camiño a estas contratacións. A cousa vaise normalizando. Hai para estudar a remunicipalización e elaborar os pregos 46.000 euros para o tema de Aqualia, se reservaron outros 20.000 para a limpeza de edificios... As decisións de remunicipalizar é vontade política e unha cuestión de prioridades. Si hay tanta urxencia de pregos igual non procedía o da varredora. O que votou este contrato foi Javier Bas e despois se pegou o piro.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9ACG92TMR4Y5AN7W7ZD | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 25



CONCELLO DE REDONDELA

O Sr. Boullosa recomenda ao Sr. González que se actualice, porque na web do concello aparece o meu horario de maña e tarde e este concelleiro reuniuse moitas veces con colectivos na fin de semana. Resume en dous termos, pantomima é estar a defender o comercio local e despois votar a favor de Porto Cabral e ao BNG privatizar foi o que fixo coa recollida do lixo no seu momento.

A Sra. Amoedo dille á Sra. García que si están traballando non se lle nota. Cando un, estando gobernando tense que xustificar nos deberes que lle deixaron sen facer, porque aínda non sacaron nin no prego da piscina, nin de Aqualia, pero si o da varredora, que era moi importante que o da avogada do CIM, aí se notan as prioridades. Sacaron vostedes o contrato da varredora e non o da avogada do CIM. AER onde están as comisión de servizos privatizables? agora xa mesturan as instalacións públicas cos servizos privatizados, como na oficina de servizos sociais de Chapela que meten aí persoal do servizo de recadación. Cando vostedes tiñan que estar traballando dende hai seis meses na remunicipalización, a careta de AER quitouse, a do PSOE xa a coñecíamos que era a da inoperancia, incompetencia, e o partidismo. E o Sr. Villar que xa non convoca a comisión informativa de servizos privatizados, é curioso como cambia a cousa cando se goberna. Vamos a cambiar os regulamentos dos orzamentos participativos, nada, o regulamento dos consellos parroquiais. Non temos nada. Di a Sra. García que traballan, será no photocall. Van a puntuar coa máxima puntuación outra vez a oferta económica. Van a botar a baixo os seus principios. Veñen para continuar seis meses mais cunha empresa e o estudio de remunicipalización dáme a risa. Son incoherencia pura. Son vostedes mentira dende o principio ata o final. O único problema é que Redondela mentres se para.

A Sra. García di que o seu discurso de que non traballamos xa non cala na cidadanía. É incoherente que dixo noutro pleno que eu estaba escravizada e agora non traballo. O CIM no 2016 acabou o contrato e tardaron 3 meses e contratar e nos levamos quince días, e de momento a técnica e a psicóloga, Non veña a dar exemplo cando estiveron tres meses sen avogada. Estamos a traballar pero case todos estes pregos teñen que pasar polos mesmos funcionarios.

VOTACIÓNS.

A proposta queda aprobada pola maioría legalmente esixida, obtendo dez (10) votos a favor (07 do PSdeG-PSOE e 03 de AER), dous votos (2) en contra do BNG e oito abstencións (8 do PP)

11 a 16. Proposta de Modificación da Composición do Consello Parroquial

A alcaldesa le os puntos e explica que se acordou realizar un único debate e despois de votan os puntos por separado. Ou plantexa por causa do escaso tempo deixalo para o próximo pleno ou axustamos o tempo.

A Sra. Couñago di que non da tempo, non será suficiente para expoñelo e que falen todos/as os voceiros.

O Sr. González propón que se debata durante o tempo que queda.

A Sra. Amoedo tamén pensa que é mellor deixalo enriba da mesa.

A Sra. Castro di que é un punto que a Sra. Couñago entende que non é suficiente, e

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 52MHKT9AGC92TMR4Y5AN7W7ZD | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 25



que debemos deixalo enriba da mesa e debatilo coa importancia que ten e adicarlle o tempo que se merece no próximo pleno.

A alcaldesa aclara que non lle está quitando importancia ao punto senón poñer sobre a mesa as dúas opcións. Por maioría se acorda deixar este punto enriba da mesa e pasar aos rogos. Aclara tamén que a gravación remata un pouco antes das 12 horas.

17. Dar Conta da Información do 3º Trimestre do ano 2020.

Dáse conta da información do 3ª trimestre do ano 2020.

18. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito MC 28/2020.GC11/2020 e MC 30/2020.TC12/20

Dáse conta dos anteriores expedientes de modificación de crédito.

19. 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

19.3 Rogos e preguntas.

A Sra. Amoedo le os rogos.

19.3.1. Rogo Mesa Reactivación Económica

“Rogamos a Concelleira de Facenda que convoque de xeito inmediato a Mesa de Reactivación económica, posto que levan vostedes 8 meses de retraso, sen dar conta a unha mesa que naceu co espírito de aportar por parte dos axentes sectoriais afectados por esta pandemia, ideas e propostas para evitar o peche de comercios e a ruína de moitos autónomos.

Rogamos a Alcaldesa e a Concelleira de Facenda que resolvan dunha vez a convocatoria de subvencións para autónomos e pemes que levan dende Agosto esperando unha axuda que nunca chega. Unha convocatoria que venderon como unha importante axuda os autónomos que tiveron que estar pechados durante a primeira ola da pandemia, estamos a rematar a segunda e seguen vostedes mirando para outro lado. É necesario que acaben dunha vez de redeseñar por segunda vez unha web que é moi mellorable e que cando un posible cliente intenta acceder dende esa web que voltaron a anunciar por segunda vez na prensa, o link de acceso a páxina ou redes sociais onde se atopan os produtos que vende ese comerciante se atopa cunha ficha, sen link de acceso o que non é atractivo para un posible cliente.

Rogamos a Alcaldesa que practique de oficio a redución da taxa do Lixo e a de terrazas(si contan os meses que levan pechados non saen as contas de que teñan que pagar 6 meses de uso de Terraza, xa que moitos en xaneiro e febreiro non usan este servizo) os Hostaleiros e os comerciantes e pequenas empresas que non usaron o servizo dende marzo ata xuño por mor do peche obrigado polo Estado, e tamén para as actividades afectadas nesta segunda ola para o que queda de ano, facilítenlle os trámites os afectados que bastante levan padecido, a Administración Local debe ser sensible con eles, xa que ata o de agora non recibiron nin un Euro deste Concello.”

19.3.2 Rogo Policía Local





CONCELLO DE REDONDELA

“Este Domingo pasado día 22 de novembro en horario de mañá a oficina da Policía Local atopábase pechada, algo que non é a primeira vez que pasa, xa que unicamente contaba este turno con 2 axentes para atender a oficina e as incidencias que se puidesen dar no noso Concello, tendo en conta que Redondela se atopa en nivel de risco alto por incidencia acumulada de casos de Covid, e nun día non lectivo, nin laborable o que pode supor un maior número de persoas nas rúas da vila e nos espazos de lecer do noso Concello o que require, claro está, dun maior número de axentes , polo que

ROGAMOS a Alcaldesa e a súa Concelleira de Interior Marta Alonso , que reforcen os turnos e que organicen o servizo dun xeito adecuado, xa que é incompreensible que traendo a este pleno máis de 180 horas extras deste departamento cun importe de 5.364€, non se cubran os días onde maior control e seguridade debería haber no noso Concello”

A Sra. alcaldesa di que non comparte a demagogia na política e máis en relación ao tema do Covid, en relación aos hostaleiros e da policía, cando están a falar as horas extras, non entende este rogo.

Di que xa se comunicará con antelación e acordaremos entre todos a data do pleno de decembro por coincidir coas datas do Nadal.

E sendo ás vinte e tres horas e corenta e sete minutos do día indicado no encabezamento, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.

